

Resolución do 6 de novembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca o programa educativo “Cinema con perspectiva” dirixido a centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso 2024/25

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, en relación co fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, establece na súa disposición adicional vixésimo quinta as actuacións que os centros educativos sostidos parcial ou totalmente con fondos públicos realizarán co fin de favorecer a igualdade de dereitos e oportunidades, así como as medidas que permitan desenvolver o principio de coeducación en todas as etapas educativas, de conformidade co disposto pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, estipula no seu artigo 3 que as normas sobre convivencia nos centros docentes oriéntanse, entre outros fins, á educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas. Asemade no seu artigo 7 recóllese, entre outros, que respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa, é un dos deberes básicos de convivencia do alumnado.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia reflicte no seu artigo 24.2 que se poderán desenvolver programas que supoñan a



incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres.

A Estratexia Galega de Convivencia Escolar "Educonvives 2025" contempla como un dos seus principios a coeducación como estilo educativo, que implica educar no respecto e na promoción dos dereitos e das liberdades fundamentais, na consecución efectiva da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes e na igualdade de trato e non discriminación as persoas en función da súa condición sexual.

O programa educativo "Cinema con perspectiva" créase co obxecto de fornecer de recursos para a coeducación aos centros educativos públicos que impartan ensinanzas de educación primaria e secundaria obrigatoria, e contribuír deste xeito á consecución da igualdade efectiva e de dereitos entre mulleres e homes, á prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual, nos termos establecidos na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

De acordo co anteriormente exposto esta Dirección Xeral,

RESOLVE

Primeiro. Obxecto

Esta resolución ten como obxecto regular o programa "Cinema con perspectiva" e establecer as bases de participación neste dos centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional durante o curso escolar 2024/25.



Segundo. Obxectivo xeral

Educar na identificación e tratamento dos estereotipos sexistas presentes na narrativa do cinema e noutras formas de expresión audiovisual como principio coeducativo.

Terceiro. Obxectivos específicos

- Identificar os elementos sexistas tácitos e explícitos presentes en filmacións cinematográficas.
- Utilizar a análise e o contraste como elementos de valoración do cambio conseguido en materia de coeducación ao longo do tempo.
- Crear un produto (guión, plan de rodaxe, etc.) para unha breve representación audiovisual con perspectiva de xénero.
- Pór en escena unha sinxela produción audiovisual.

Cuarto. Alumnado destinatario

Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado de 5º e 6º curso de educación primaria e 1º e 2º curso de educación secundaria obrigatoria dos centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Quinto. Actividades do programa

1. *Proxección de curtametraxes con temática en igualdade de xénero.*

A proxección terá como base fomentar entre o alumnado a reflexión sobre o papel da muller na sociedade, a violencia de xénero e as desigualdades. Seleccionaranse ata 4 curtametraxes en función da etapa educativa, características do alumnado, entre outros. A duración das proxeccións será de aproximadamente 45 minutos e



recoméndase que o grupo non exceda as/os 50 alumnas/os.

Unha vez concluída a proxección desenvolverase un coloquio que será moderado e dirixido por unha persoa experta, que tratará de estimular a capacidade reflexiva e analítica do alumnado sobre os valores e as mensaxes ocultas en materia de igualdade presentes nas filmacións. A actividade terá unha duración de 45 minutos.

2. Obradoiro educativo para a creación dunha sinxela produción audiovisual.

En cada centro educativo participante desenvolverase unha produción audiovisual con temática en igualdade de xénero: curtametraxe, anuncio publicitario, vídeo musical, entrevista, etc., para un grupo de 25 alumnos/as como máximo.

O argumento e a posta en escena reflectirán contidos sobre o significado da igualdade e a equidade entre mulleres e homes, os estereotipos e os roles de xénero, o empoderamento da muller, etc., desde unha perspectiva didáctica que permita comprender ao alumnado a realidade desta situación desde o enfoque dun proceso social en construción e de cambio positivo.

A actividade elixida adaptarase á etapa educativa que corresponda e será organizada, planificada e dirixida por persoal experto e desenvolverase en varias fases:

- Formación básica sobre linguaxe audiovisual.
- Selección do tipo de produción.
- Organización da clase en grupos e asignación de tarefas.
- Desenvolvemento da obra.

De ser o caso, esta última fase poderase desenvolver no salón de actos ou espazo do que dispoña o centro para que asista como público o demais alumnado do centro. A duración do obradoiro acordarase entre o centro educativo e a asociación FICBUEU.



Sexto. Proceso e prazo de solicitude

As solicitudes enviaranse ao enderezo electrónico orientacion.vocacional@edu.xunta.gal co seguinte asunto: Solicitude "Cinema con perspectiva 2024/25"

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación desta convocatoria en <https://www.edu.xunta.gal/portal/>

Sétimo. Selección dos centros

Seleccionaranse ata un máximo de 30 centros para a actividade de proxección de curtametraxes e 10 centros para o obradoiro educativo.

Os centros seleccionaranse segundo a orde de entrada da solicitude no enderezo sinalado. Asignarase unha única actividade a cada centro educativo en función da orde de preferencia seleccionada ata completar o número de prazas.

Oitavo. Calendario

As actividades terán lugar ao longo do segundo e terceiro trimestre do curso 2024/25, concretándose as datas e horarios entre a persoa coordinadora designada pola dirección dos centros educativos e a asociación FICBUEU.

Noveno. Resolución

Unha vez rematado o proceso de selección publicarase a resolución definitiva no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas



poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal educativo desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>), segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Décimo. Información Básica sobre protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario



para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

